

**Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de agosto de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO) DA OBRA DE "REPOSICIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS NÚCLEOS DE BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO. POS 2015.-"**

A señora alcaldesa por delegación (Decreto 1450/2016) informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 7 de xullo de 2016, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento negociado sen publicidade que se segue para a contratación das obras de **"Sinalización horizontal nos núcleos de Bertamirás e Milladoiro" POS 2015.**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, así como os demais licitadores.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a realización da obra de "Sinalización horizontal nos núcleos de Bertamirás e Milladoiro" á empresa **Construcciones D. Ogando SL**, con CIF B-15209794 e nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta e nove mil oitocentos dez euros e sesenta céntimos **(69.810,60.- Euros)**, sen IVE.

**B.- IVE repercutible:** A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de catorce mil seiscientos sesenta euros e vinte e tres céntimos **(14.660,23.- €)**

**C.- Prazo de execución:** O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

**D.-** Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra Sinalización horizontal nos núcleos de Bertamirás e Milladoiro a Julio C. Rojo Martínez

**E.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.


**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe da primeira tenente de alcalde, alcaldesa por delegación, en Ames, a doce de agosto de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

A secretaria accidental

A primeira tenente de alcalde  
Alcaldesa por delegación (decreto 1450/2016)



Genma Otero Uhía

